



O XÉNERO NOS OLLOS

Estratexias para educar con (e pese ás) fotografías dos materiais curriculares

Ana Rey Cao

Alba González Palomares

O xénero nos ollos

Estratexias para educar con (e pese ás) fotografías
dos materiais curriculares

Ana Rey Cao

Alba González Palomares

Este material foi galardonado co Premio de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero da Universidade de Vigo “Antonia Ferrín Moreiras” na súa cuarta edición.

Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo

Autoras

Ana Rey Cao

Alba González Palomares

Revisión lingüística

Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

Edición

DISCOTROMPO S.L.
San Pedro de Oza 102, 15380
Oza dos Ríos (A Coruña)

1ª edición marzo 2017

Dep. Legal: C 310-2017



Introdución.....	6
Actividades	7
Actividade 1. Quen aparece?	7
Actividade 2. Quen ten protagonismo?.....	9
O dato	13
A reflexión.....	14
Actividade 3. Quen fai deporte colectivo?	15
Actividade 4. Quen é fráxil? Quen é forte?.....	17
O dato	18
A reflexión.....	19
Actividade 5. Quen gaña medallas?	20
O dato	22
A reflexión.....	23
Actividade 6. Quen está ao aire libre?	24
O dato	27
A reflexión.....	27
Actividade 7. Que corpo é forte? Que corpo é delicado?	28
O dato	31
A reflexión.....	32
Actividade 8. Quen parece máis vulnerable?	33
O dato	35
A reflexión.....	36
Actividade 9. Que transmite cada plano?	37
O dato	38
A reflexión.....	39
Reflexión final.....	40
Os materiais curriculares reproducen un microcosmos	40
O poder da fotografía nos materiais curriculares	40
Estereotipos de xénero nas fotografías dos libros de texto.....	42
Referencias bibliográficas.....	44

Este material ten como intención contribuír á alfabetización visual crítica con respecto a cuestións de xénero. Esta intención articúlase en dous obxectivos específicos:

- Desenvolver estratexias didácticas de alfabetización visual crítica con respecto aos estereotipos de xénero empregando as fotografías vinculadas co corpo e coas expresións motrices que aparecen nos materiais curriculares.
- Desvelar o imaxinario ao respecto da cultura corporal e o xénero que se está a configurar dende a educación formal e, especificamente, dende a educación física escolar –EF–.

Ao respecto do primeiro obxectivo, esta publicación presenta unha serie de actividades que revelan, mediante indicadores observables, cuestións de xénero presentes nas fotografías relacionadas co corpo e coas expresións motrices. A realización destas actividades permite desvelar a existencia de estereotipos de xénero que reducen a diversidade da cultura corporal ao limitar a participación nela en función do sexo.

Ao respecto do segundo dos obxectivos, a análise das fotografías funciona como un termómetro que toma a temperatura da cultura corporal dende un lugar privilexiado: os libros de texto de EF. Os libros de texto configuran un microcosmos que selecciona unha parcialidade da realidade para ofrecela como representación da totalidade. A análise dos seus contidos permite observar os estereotipos de xénero que latexan no imaxinario e revelar o intencional e non intencional do contido do currículo escolar.

As actividades baséanse na investigación froito de dúas teses de doutoramento (González, 2015; Táboas, 2009). Nestes traballos analizáronse 9989 fotografías pertencentes a 75 libros de texto de EF do período da LOGSE e da LOE editados entre os anos 2000 e 2011. Todas as fotos empregadas pertencen a eses libros de texto.

O presente documento é unha guía didáctica para o profesorado e as súas actividades poden imprimirse e realizarse en papel. Complementase coa web <http://xeneronosollos.webs.uvigo.gal/>, na que as tarefas están en formato dixital interactivo.

Estas actividades poden realizalas rapazas e rapaces (a partir de 10 anos) baixo a orientación e a supervisión dun educador/a que previamente consulte esta guía. Non teñen un sistema de puntuación nin de corrección de erros. O importante é a reflexión que se estimula coa súa realización.

Actividades

Actividade 1. Quen aparece?

Observa o conxunto das fotografías¹.



Notas algo desproporcionado?

¹ As referencias das fotografías figuran na bibliografía na mesma orde na que aparecen en cada actividade, tanto neste documento como na versión publicada na web.

Actividade 1a.

Marca os recadros correspondentes ás fotografías protagonizadas por:

- Mulleres cun triángulo invertido  .
- Homes cun cadrado  .

Notas algo desproporcionado?

Simulación da realización da actividade 1.

Marca os recadros correspondentes ás fotografías protagonizadas por:

- Mulleres cun triángulo invertido  .
- Homes cun cadrado  .

Notas algo desproporcionado?

Actividade 2. Quen ten protagonismo?

Observa estas fotografías.



Rodea cun círculo á persoa ou persoas que dirixen ou teñen maior protagonismo na acción físico-deportiva á que se refire a imaxe (deslizamento en trineo, montañaismo, sendeirismo e ciclismo).

Actividade 2a.

Agora modifica as fotografías para eliminar a subordinación da muller ao home.

Recorta e move as siluetas dos corpos ou rostros.



Simulación da realización da actividade 2a.

Agora modifica as fotografías para eliminar a subordinación da muller ao home.

Recorta e move as siluetas dos corpos ou rostros.




Nos libros de texto de EF editados para a ESO durante o período da LOGSE e da LOE (2000-2011)²:

- Os homes foron protagonistas do 47,3 % das fotografías.
- As mulleres foron protagonistas do 32,9 % das fotografías.
- Homes e mulleres foron representados conxuntamente no 19,8 % das fotografías.

A representación conxunta caracterizouse en moitos casos por un papel máis dinámico dos homes.

Non obstante, determinadas editoriais representaron de forma case igualitaria a homes e mulleres –Almadraba–, e dúas delas –Serbal e Kip-Kiné– representaron máis mulleres ca homes.




² Datos recollidos das teses de Alba González-Palomares (2015) e M^a Inés Táboas-Pais (2009).

A REFLEXIÓN

01

A representación de homes e mulleres na cultura visual está desequilibrada. Continúa a dársele máis importancia ao modelo masculino fronte ao modelo feminino.

Os referentes masculinos son máis abundantes ca os referentes femininos.



Invisibilización

Masculinidade hexemónica


Actividade 3. Quen fai deporte colectivo?

Introduce todas as fotografías de deportes colectivos dentro dun mesmo conxunto mediante o trazo dunha única liña continua.



Cal é o sexo das persoas que quedaron dentro do conxunto de deportes colectivos?
 Cal é o sexo das persoas que quedaron fóra do conxunto de deportes colectivos?
 Que tipo de deporte practica a muller? Ten características diferentes aos que practican os homes?

Simulación da realización da actividade 3.



Cal é o sexo das persoas que quedaron dentro do conxunto de deportes colectivos?
 Cal é o sexo das persoas que quedaron fóra do conxunto de deportes colectivos?
 Que tipo de deporte practica a muller? Ten características diferentes aos que practican os homes?

Actividade 4. Quen é fráxil? Quen é forte?

Imos encarnar as imaxes.



Colócate na mesma posición ca a persoa da imaxe 1 e percibe como te sentes.

Colócate na posición da imaxe 2 e percibe como te sentes.

Imaxe 1



Imaxe 2




Sentiches algo diferente na posición 1 e na posición 2?

En cal das posicións te sentiches máis fráxil e delicado/a?

En cal das posicións te sentiches máis forte e vigoroso/a?

Nos libros de texto de EF editados para a ESO durante o período da LOGSE e da LOE (2000-2011):

- Existe unha relación positiva entre ser home e practicar deportes colectivos, entre ser muller e practicar deportes individuais, prácticas de interiorización e actividades de fitness e condición física³.
- Existe unha relación negativa entre ser muller e practicar deportes colectivos, entre ser home e practicar actividades artísticas, prácticas de interiorización ou realizar actividades da vida diaria –AVD– e entre os grupos mixtos e os deportes.



³ Datos derivados do estatístico da proba χ^2 –chi cuadrado– para dúas variables cualitativas, que foi realizado nas investigacións fonte desta publicación.

A REFLEXIÓN

02

Para unha persoa só existe aquilo que é quen de representar mentalmente. Se non existen referentes visuais de homes e/ou mulleres realizando unha determinada actividade, se está a dificultar que as persoas do sexo non representado se proxecten a si mesmas realizándoa.

Se non o vexo, non o creo...

As mulleres parecen estar destinadas a actividades físico-deportivas que non teñan contacto físico intenso, pausadas e destinadas a mantelas na cultura da delgadeza.

Figura 1. Fotografías dun libro de texto onde o home realiza actividades corporais dinámicas e vigorosas e a muller aparece nun rol corporal subordinado e pasivo.

(Fonte: GONZÁLEZ, Marc, e RIERA, Óscar. (2007). Educación física 1-2 ESO. Teide, Barcelona, p. 9.)






Fraxilidade vs. vigor

Estereotipo motriz

Actividade 5. Quen gaña medallas?


Une cunha frecha cada fotografía coa icona correspondente en función de se poden conseguir medallas ou non na actividade físico-deportiva.



Cal é o sexo das persoas que se relacionan coas actividades físico-deportivas que obteñen medalla?

Cal é o sexo das persoas que se relacionan coas actividades físico-deportivas que non obteñen medalla?

Simulación da realización da actividade 5.



Cal é o sexo das persoas que se relacionan coas actividades físico-deportivas que obteñen medalla?

Cal é o sexo das persoas que se relacionan coas actividades físico-deportivas que non obteñen medalla?

Nos libros de texto de EF editados para a ESO durante o período da LOGSE e da LOE (2000-2011):

- Os homes foron representados en ámbitos competitivos en maior porcentaxe ca as mulleres. O 54,1 % dos homes estaban fotografados en ámbitos competitivos, fronte ao 27,0 % das mulleres. Os grupos mixtos de homes e mulleres nun 8,4%.
- Os homes foros representados en actividades físico-deportivas de elite en maior proporción ca as mulleres. O 69,2 % dos homes representáronse en actividades relacionadas co alto rendemento, fronte ao 24,1% das mulleres.
- Existe unha relación positiva entre ser home e o ámbito competitivo e entre ser muller e os ámbitos informal e utilitario.
- Existe unha relación positiva entre ser home e as actividades relacionadas coa elite deportiva e entre ser muller e as actividades afastadas do alto rendemento.




A REFLEXIÓN

03

Se non o vexo, non o creo...

O ámbito competitivo e as actividades físico-deportivas de elite relaciónanse cos homes, mentres que os ámbitos informais e utilitarios e as actividades diferentes ao alto rendemento vincúlanse coas mulleres.

Isto podería estar provocando que as mulleres non se sintan identificadas coa competición e o alto rendemento, o que dará lugar a unha menor porcentaxe de mulleres con licenza federativa fronte ao número de licenzas masculinas.



Competición vs. cotián ou familiar

Elite vs. non elite

Actividade 6. Quen está ao aire libre?

Recorta e pega a fotografía dentro da casa cando a actividade representada se realiza nun espazo interior.



Actividade 6a.

Cal é o sexo das persoas que están nos espazos interiores?

Cal é o sexo das persoas que están ao aire libre?

Que tipo de actividades físico-deportivas practican as persoas que están no interior?

Que tipo de actividades físico-deportivas practican as persoas que están no exterior?

Simulación da realización da actividade 6.



O DATO

04

Nos libros de texto de EF editados para a ESO durante o período da LOGSE e da LOE (2000-2011):

- Os homes foron representados en espazos exteriores en maior proporción ca as mulleres. O 64,3 % dos homes estaban fotografados en espazos exteriores, fronte ao 51,1 % das mulleres. Os grupos mixtos de homes e mulleres nun 61,7 %.
- Existe unha relación negativa entre ser home e os espazos interiores e entre ser muller e os espazos exteriores deportivos.

A REFLEXIÓN

04

Se non o vexo, non o creo...

O espazo público e o medio natural son de dominio masculino e o espazo doméstico e o espazo interior están máis vinculados co feminino.

Esta situación podería estar provocando que as mulleres se sintan incómodas nos espazos abertos e públicos ao realizar actividades físico-deportivas vigorosas. A muller está abocada a unha corporeidade de espazo privado.



Doméstica

Interior

Actividade 7. Que corpo é forte? Que corpo é delicado?

Rodea o cualificativo que cres que corresponde máis ao corpo da fotografía.

	Corpo forte		Corpo delicado
	Corpo forte		Corpo delicado
	Corpo forte		Corpo delicado
	Corpo forte		Corpo delicado
	Corpo forte		Corpo delicado
	Corpo forte		Corpo delicado

Actividade 7a.

Na columna central identifica as mulleres cun triángulo invertido e os homes cun cadrado.

Observa a combinación que subliñaches.

Como se representa o corpo das mulleres?

Como se representa o corpo dos homes?


Simulación da realización da actividade 7.

	Corpo forte		Corpo delicado
	Corpo forte		Corpo delicado
	Corpo forte		Corpo delicado
	Corpo forte		Corpo delicado
	Corpo forte		Corpo delicado
	Corpo forte		Corpo delicado

Nos libros de texto de EF editados para a ESO durante o período da LOGSE e da LOE (2000-2011) a tipoloxía corporal máis representada para ambos os sexos foi a combinación de somatotipos; pero as persoas mesomórficas –atléticas ou musculadas– foron maioritariamente homes, mentres que as persoas ectomórficas –delgadas– foron principalmente mulleres:

- Os homes foron os máis representados con somatotipo mesofórmico –70,6 % de homes fronte ao 26,3 % de mulleres–.
- As mulleres foron as máis representadas con somatotipo ectomórfico –76,6 % de mulleres fronte ao 23,4 % de homes–.
- Existe unha relación positiva entre ser home e presentar un somatotipo mesomórfico e entre ser muller e presentar un somatotipo ectomórfico.

Estas percepcións do corpo diferenciadas en función do sexo reflíctense no pensamento do alumnado. Os patróns corporais da lanzadora de disco e da muller culturista son rexeitados tanto polos rapaces coma polas rapazas, ao consideralos propios de home. O corpo musculado no home considérase como sinónimo de masculinidade, mentres que cando é dunha muller, esta é cualificada pexorativamente como «marimacho», «hombretona» ou como que «parece un tío». O corpo dos bailaríns é repudiado polo alumnado por consideralo feminino (González, Ruiz e Carrasco, 2007).



A REFLEXIÓN

05

A cultura visual contribúe á consolidación dun corpo que varía en función do sexo. Nas imaxes artísticas e publicitarias o corpo feminino máis valorado son o ectomorfo e o ectomorfo extremo –delgados e moi delgados–. En cambio, o corpo masculino prefírese mesomórfico –atlético e musculado–.

As imaxes presentan a delgadeza feminina e a musculación masculina como pares ideais. Pero esta asociación é unha construción cultural que fraxiliza tanto a homes coma a mulleres.

A cultura do músculo reservada aos homes e a cultura da delgadeza para as mulleres é unha constante no pensamento do alumnado de EF.

A tipoloxía corporal non é unha cuestión de sexo, senón unha idiosincrasia persoal.

Cultura músculo vs.
cultura delgadeza

Fraxilidade vs.
vigorosidade

Actividade 8. Quen parece máis vulnerable?

Tira dúas fotos túas do xeito indicado abaixo. Podes facelo por parellas ou colocando o temporizador da cámara.

Garda ambas as fotografías.

Tenta non modificar a expresión do rostro. Para conseguilo podes mirar un punto fixo.

Foto 1. Plano picado



Foto 2. Plano contrapicado



Actividade 8a.

Compara ambas as fotografías:

En que foto te percibes máis poderosa e importante?

En que foto te percibes máis débil e fráxil?

Simulación da realización da actividade 8.

Foto 1. Plano picado



Foto 2. Plano contrapicado



A relación de dominio e submisión para as mulleres evidénciase no uso abusivo de planos picados ou planos contrapicados segundo se trate respectivamente de mulleres ou homes (Educación y Mujer del Cabildo Insular de Tenerife, 2006).


A altura dende a que a cámara dirixe a nosa mirada sobre a figura humana é un dos criterios para decidir o punto de vista dende o que se nos convida a contemplar esa persoa (Alonso e Matilla, 1990; Lomas, 1996). As posicións da cámara son fundamentalmente tres:

- Plano picado. A posición da cámara é superior á persoa e aparece enfocada dende arriba. A persoa percíbese como máis débil, menos importante.
- Plano contrapicado. A toma faise dende abaixo cara arriba. As persoas aparecen como máis poderosas e importantes. Tamén pode caracterizarse negativamente a persoa e presentala como prepotente e antipática.
- Plano medio. Tamén denominado natural ou normal. A cámara sitúase á altura dos ollos da persoa que observa. É a angulación máis neutra.

Na publicidade é común que as mulleres sexan fotografadas dende un ángulo picado. Pola contra, os homes dende planos contrapicados (López Díez, 2003).

Un estudo realizado coas noticias de televisión (Cantos, 2008) revelou que as imaxes das mulleres foran tomadas cun enfoque picado no 21 % das ocasións, mentres que as imaxes dos homes foron tomadas con este tipo de ángulo no 8 %. No 19 % das tomas dos homes empregaran o enfoque contrapicado e tan só no 8 % das tomas de mulleres.

O primeiro informe sobre representación de xénero nos informativos de radio e televisión (López Díez, 2005) amosou que os as imaxes dos homes foron tomadas en maior proporción ca as mulleres dende unha colocación da cámara máis baixa. Nos libros de texto de EF esta intencionalidade dos planos non se revelou tan evidente.



A REFLEXIÓN

06

O mesmo fenómeno pode ser fotografado con connotacións diferentes. A representación da realidade nas fotografías pode favorecer unha percepción de maior poderío ou debilidade vinculada a cada sexo. Deste xeito a imaxe fotográfica contribúe a un imaxinario atestado de estereotipos de xénero.

A mirada da persoa que tira a fotografía non deixa de ser tamén unha mirada condicionada polo imaxinario.

A alfabetización visual crítica axuda a desvelar os significados derivados dos aspectos técnicos das imaxes. A fotografía non é a realidade, é unha interpretación desta.




Actividade 9. Que transmite cada plano?

Imos representar as imaxes.

Tira dúas fotos túas do xeito indicado abaixo e percibe como te sentes. O ideal é que fagades a actividade en parella. Tamén podes facela tirando unha autofoto.

Garda ambas as fotografías.

Foto 1. Primeiro plano. Pon unha expresión no rostro semellante á da moza que está ao carón.



Detalle da fotografía empregada nun libro de texto da ESO.

Foto 2. Plano de conxunto. Tira unha foto que represente a acción do grupo enteiro.



Actividade 9b. Reflexiona sobre o resultado.

Como te sentiches cando posaches para a foto 1?

Como te sentiches cando posaches para a foto 2?

En que foto te sentiches máis vulnerable?

En que foto te sentiches máis cómoda? Por que?

O DATO

07

O plano é o espazo visual dentro dun encadramento no cal se representa o fragmento de realidade que amosa a fotografía (Lomas, 1996). Existen moitos tipos de planos, entre eles:

- Plano de conxunto. Imaxes nas cales no encadramento caben varias figuras humanas folgadoamente. Representan as accións de varias persoas. Interesa a acción e a situación das persoas. Ten un valor descritivo, narrativo ou dramático.
- Plano enteiro. A dimensión do espazo representado ten como referencia a figura humana. É un plano ideal para describir as accións físicas. Os límites superior e inferior do cadro case coinciden coa cabeza e os pés da figura humana.
- Primeiro plano. O encadramento acurta a representación da figura humana á altura dos ombreiros e ten como finalidade reflectir a expresividade do rostro.

O primeiro informe sobre a representación do xénero nos informativos de radio e televisión (López Díez, 2005) subliñou a tendencia para mostrar primeiros planos de mulleres con connotacións sexuais sen xustificación ningunha. Na publicidade tamén é abundante o uso de primeiros planos para representar as mulleres (De Andrés, 2006).

Os tipos de plano manexados nas fotografías dos libros de texto de EF non amosan unha clara relación co sexo das persoas representadas.

A REFLEXIÓN

07

Mediante as técnicas selectivas e enfáticas dos planos manipúlase o tratamento de homes e mulleres.

Ao empregarmos en exceso planos que resalten os atributos físicos estamos estimulando a percepción de características estéticas e cosificando a persoa como obxecto de sedución.

Se empregamos planos que resalten as accións que realiza a persoa estamos estimulando a súa percepción como suxeito capaz de realizar cousas.

Os materiais curriculares reproducen un microcosmos

As escolas e os centros educativos transmiten coñecementos, pero non todos os que existen. Na educación formal realízase unha selección intencional dos coñecementos que a comunidade considera máis axeitados para configurar unha sociedade ideal.

Esta escolla é subxectiva e vén condicionada polos valores e crenzas hexemónicas da sociedade que alberga o sistema educativo. Alén desta selección explícita de contidos que figura no currículo, a escola tamén transmite outros contidos de xeito non explícito. É o denominado currículo oculto, que pode ser intencional ou non.

Os materiais curriculares apoian o proceso educativo e trasladan tanto os coñecementos explícitos no currículo coma outros non explícitos. Os materiais curriculares en xeral, e os libros de texto en particular, reproducen un micromundo que o alumnado asimila como o real e idóneo. Os libros de texto son importantes reprodutores ou configuradores da imaxe que temos das cousas –o imaxinario–, e esta imaxe fai que as cousas se perpetúen ou cambien. Os imaxinarios sociais presentes nos textos escolares reducen a complexidade propia da realidade social ao proporcionar un esquema de distinción que ordena, explica e permite intervir no que se establece como real (Jorquera, 2011).

Se os libros de texto se limitan a reproducir o imaxinario tamén van reproducir as desigualdades presentes nese imaxinario. A intencionalidade debería guiar a selección de contidos dos libros de texto –incluídos os contidos visuais, como as fotografías– para contribuír a unha sociedade máis igualitaria.

O poder da fotografía nos materiais curriculares

Nos materiais curriculares algúns contidos visuais son fotografías. É relevante ter moito tino con esta modalidade de contidos porque mentres que a sensibilidade cos textos escritos é algo máis presente, a alfabetización visual crítica está menos desenvolvida.

O denominado «truco da realidade» (Pericot, 1987) refírese a que a fotografía se percibe como un reflexo obxectivo da realidade. O efecto que causa a fotografía na persoa que a mira é maior ao doutros rexistros debido a que moitos dos contidos plasmados nas imaxes se incorporan ao cerebro sen antes pasalos pola conciencia e sen reflexión previa, lexitimándoos como propios e reproducindo estereotipos sen cuestionar a súa pertinencia (Caja, Berrocal e González Ramos, 2002). Deste xeito, as imaxes poden constituír atractivos modelos de identificación baseados na fascinación en lugar da argumentación (Medrano, 2005).

Pero as fotografías son unha pegada da realidade, non son a realidade. Son unha narración desta e, polo tanto, teñen un elevado compoñente subxectivo. A fotografía é un texto visual con intención comunicativa e a súa lectura traerá consigo significados que non estaban pensados na intención comunicativa orixinal. A fotografía interrompe, detén, fixa, inmoviliza, separa, fracciona, elixe, extrae, illa e capta un fragmento do espazo-tempo. Pero ademais enaltece, reduce, contrasta ou idealiza as persoas ou as situacións representadas, facendo que o espectador ou espectadora recree a súa propia interpretación do universo fotografado (Báez e Piñeiro, 2010).

Polo tanto, a fotografía é dobremente subxectiva: pola mirada da persoa que a realizou e pola mirada da persoa que a observa. Esta múltiple interpretación dos contidos fotográficos contribúe a que os materiais curriculares estean a transmitir contidos que se corresponden cos coñecementos explícitos e intencionais no currículo, pero tamén outros contidos non explícitos e non intencionais.

Poñamos un exemplo. Carmela, unha fotógrafa cun encargo para unha editorial de libros de texto tirou a foto da figura 2. A súa intención era ilustrar o contido que explica que a práctica regular de exercicio físico aeróbico é beneficioso para a saúde. Luísa, unha rapaza que estuda 3.º da ESO, mira a fotografía no seu libro e fíxase en que as mulleres van con roupa axustada, están delgadas e teñen unha figura esvelta e estilizada. A súa percepción está condicionada, porque no seu contexto actual a presenza da cultura da delgadeza feminina é constante e exerce sobre ela unha presión para adecuarse a un canon corporal determinado. Pero Luísa non está tan delgada nin ten unha figura esvelta e estilizada coma as mulleres da fotografía. Tampouco se sente cómoda vestindo roupas tan axustadas. Mario, un compañeiro da clase de Luísa, ao mirar a fotografía decátase de que nesa clase non hai ningún home. A Mario encántalle expresarse ritmicamente co seu corpo, pero non se apunta a ningunha actividade rítmica expresiva porque non sabe se se sentirá cómodo entre tanta muller ou se será só cousa de mulleres...

Cal era a intención da fotógrafa? Cal foi a interpretación de Luísa? Cal foi a interpretación de Mario? Entón, cal é a realidade que amosa a fotografía? Serán Luísa e Mario quen de assimilar unha práctica de aeróbic como algo saudable para ambos? Ou estarán a xulgar se o seu corpo é apto para esa práctica?

As miradas das tres persoas protagonistas están impregnadas das súas ideas previas, as súas emocións, os seus coñecementos e as súas crenzas. As persoas miramos a realidade condicionadas por todos estes elementos. Non é unha mirada neutra, senón condicionada pola nosa contorna persoal e polo imaxinario social.



Figura 2. GONZÁLEZ, Marc, e RIERA, Óscar (2007). Educación física 3-4 ESO. Teide, Barcelona, p. 208

Estereotipos de xénero nas fotografías dos libros de texto

A imaxe que temos dos homes e das mulleres non é neutra. Complexas configuracións sociohistóricas teñen atribuído unha serie de calidades a cada sexo. É o denominado xénero.

Esta atribución de características en función dun sexo bioloxicamente determinado deu lugar ao que hoxe en día se coñece co termo de estereotipo de xénero. Os estereotipos parecen inamovibles e delimitan o conxunto de crenzas e prescricións sobre o significado que ten ser home e ser muller nunha cultura determinada (Rocha-Sánchez e Díaz-Loving, 2005).

Numerosas investigacións sobre estereotipos de xénero revelan unha clara asimetría na asignación de papeis positivos entre homes e mulleres. Hai unha tendencia a asignar máis características positivas aos homes ca ás mulleres e a distinguir as persoas en razón do seu xénero.


Estas crenzas e prescricións sobre as mulleres e os homes vincúlanse coa feminidade e a masculinidade hexemónicas e poden condicionar ou limitar o libre desenvolvemento persoal. Nestas actividades identificamos algúns dos devanditos estereotipos nas fotografías de libros de texto de EF. As imaxes presentes nos libros de EF reproducen unha cultura corporal diferenciada en función do xénero, que pode resumirse na figura 3.

A cultura corporal feminina caracterízase pola práctica de deportes individuais, actividades artísticas, prácticas de interiorización e actividades de *fitness* e condición física, en ámbitos informais e utilitarios, espazos interiores e en niveis de práctica afastados do alto rendemento.

A cultura corporal masculina caracterízase pola práctica de deportes –tanto colectivos coma individuais– en ámbitos competitivos, espazos exteriores e en niveis de práctica vinculados coa elite deportiva.

Os libros de texto de EF transmítenlle ao alumnado unha cultura corporal deturpada que pode chegar a influír a elección de expresións motrices futuras e a consolidar o seu imaxinario en función dos patróns hexemónicos presentes na sociedade, asoballando a súa idiosincrasia persoal.

Figura 3. Cultura corporal diferenciada en función do xénero. Calidades estereotipadas atribuídas nas imaxes dos libros de texto de EF



Referencias bibliográficas

- ALONSO, Manuel; e MATILLA, Luís (1990). *Imágenes en acción. Análisis y práctica de la expresión audiovisual en la escuela activa*. Madrid: Akal.
- BÁEZ ALLENDE, Chistian; e PIÑEIRO FERNÁNDEZ, Javier (2010). Más allá de las imágenes. La fotografía como documento histórico, *Akadèmeia*, 1(1), 81-95. Recuperado de http://www.revistaakademeia.cl/wp/wp-content/uploads/2010/08/akademeia_online_v1_e1.pdf
- CAJA, Jordi; BERROCAL, Marta; e GONZÁLEZ, Josep M. (2002). Un mundo lleno de imágenes. *Aula de innovación educativa*, 116, 10-13.
- CANTOS, Safira (2008). *Violencia de género y medios de comunicación*. Recuperado o 15 de xuño de 2008, de http://www.psiquiatria.com/articulos/psiquiatria_legal/34642/
- DE ANDRÉS DEL CAMPO, Susana (2006). Hacia un planteamiento semiótico del estereotipo publicitario de género. *Signa: Revista de la Asociación Española de Semiótica*, 15, 255-283.
- EDUCACIÓN Y MUJER DEL CABILDO INSULAR DE TENERIFE (2006). *Lenguaje no sexista en medios de comunicación y publicidad*. Tenerife: Cabildo de Tenerife.
- GONZÁLEZ PALOMARES, Alba (2015). *Cultura corporal y estereotipos en las fotografías de los libros de texto de educación física editados durante la Ley orgánica de educación* (tese de doutoramento, Universidade de Vigo, 2015).
- GONZÁLEZ RAVÉ, Jose María; RUIZ PÉREZ, Luis Miguel; e CARRASCO POYATOS, María (2007). The social construction of gender in Spanish physical education students [versión electrónica], *Sport, Education and Society*, 12, 141-158.
- GONZÁLEZ-PALOMARES, Alba; e REY-CAO, Ana (2013). Cultura corporal y estereotipos en las imágenes de los libros de texto de educación física publicados bajo el período de la Ley orgánica de educación –LOE– *Ágora para la Educación Física y el Deporte*, 15(1), 1-19. Disponible en: http://agora-revista.blogs.uva.es/files/2013/07/agora_15_1a_gonzalez_y_rey.pdf
- GONZÁLEZ-PALOMARES, Alba; TÁBOAS-PAIS, M^a Inés; e REY-CAO, ANA (2017). La cultura corporal en función del género: Análisis de los libros de texto de Educación Física de Secundaria publicados durante la Ley Orgánica de Educación. *Educación XX1*, 20(1). doi: 10.5944/educXX1.13980
- GONZÁLEZ-PALOMARES, Alba; e REY-CAO, Ana (2015). Los contenidos curriculares en las fotografías de los libros de texto de Educación Física en Secundaria. *Retos*, 27, 81-85. Recuperado de http://retos.org/numero_27/81-85.pdf
- JORQUERA, Pamela (2011). Vejez y envejecimiento: imaginarios sociales presentes en los textos escolares oficiales del Ministerio de Educación chileno. *Revista MAD*, 22, 132-165. Recuperado de <http://www.revistas.uchile.cl/index.php/RMAD/article/viewArticle/13642/139211>
- LOMAS, Carlos (1996). *El espectáculo del deseo. Usos y formas de la persuasión publicitaria*. Barcelona: Octaedro.

- LÓPEZ DÍEZ, Pilar (2003). "Las mujeres en el discurso iconográfico de la publicidad". En *Emakunde. Uso del lenguaje en el mundo laboral*. Vitoria: Emakunde-Instituto Vasco de la Mujer. Recuperado de <http://www.pilarlopezdiez.eu/pdf/MujeresDiscurIcoPublicidad.pdf>
- LÓPEZ DÍEZ, Pilar (2005). Representación de género en los informativos de radio y televisión (segundo informe). Madrid: Instituto Oficial de Radio e Televisión. RTVE.
- MEDRANO SAMANIEGO, María Concepción (2005). ¿Se puede favorecer el aprendizaje de valores a través de las narraciones televisivas? *Revista de Educación*, 338, 245-270.
- PERICOT, Jordi (1987). Servirse de la imagen. Un análisis pragmático de la imagen. Barcelona: Ariel.
- ROCHA-SÁNCHEZ, Tania E.; e DÍAZ-LOVING, Rolando (2005). Cultura de género: La brecha ideológica entre hombres y mujeres. *Anales de psicología*, 21(1), 42-49. Recuperado de <http://digitum.um.es/xmlui/handle/10201/8056>
- TÁBOAS PAIS, M^a. Inés (2009). *Análisis de los estereotipos corporales y de los modelos de actividad física representados en las imágenes de los libros de texto de educación física* (tese de doutoramento, Universidade de Vigo, 2009).
- TÁBOAS PAIS, M^a. Inés; e REY CAO, Ana (2011). Las imágenes en los libros de texto de Educación Física de la ESO: modelos corporales y actividad física. *Revista de Educación*, 354, 293-322. doi: 10.4438/1988-592X-RE-2011-354-001
- TÁBOAS PAIS, M^a. Inés; e REY CAO, Ana (2011). Los modelos corporales en la actividad física y el deporte: hacia una superación de los estereotipos desde la educación física escolar. *Revista Española de Educación Física y Deportes*, 392, 99-118. Recuperado de <http://www.consejo-colef.es/publicaciones/archivo-revista-reefd.html>
- TÁBOAS PAIS, M^a. Inés; e REY CAO, Ana (2012). Los contenidos de la Educación Física en Secundaria: un análisis de las actividades físicas que se enseñan desde las imágenes de los libros de texto. *Apunts. Educación Física y Deportes*, 107, 45-73. doi: 10.5672/apunts.2014-0983.es.(2012/1).107.04
- TÁBOAS-PAIS, M^a. Inés; e REY-CAO, Ana (2012). Gender Differences in Physical Education Textbooks in Spain: A Content Analysis of Photographs. *Sex Roles*, 67, 389-402. doi: 10.1007/s11199-012-0174-y

Orixe das fotografías da actividade 1 (Guía didáctica)

- 1: DEL VALLE, Sagrario; DÍAZ, Paz; e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física 1.º ESO: fichas*. Madrid: Almadra, p. 39.
- 2: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2009). *Educación física: 2.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, Madrid, p. 100.
- 3: TORRESCUSA, Luis C.; e COTERÓN, Francisco J. (2008). *Educación física: ESO, curso 4*. Zaragoza: Edelvives, p. 53.
- 4: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 49.
- 5: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 166.

- 6: GONZÁLEZ, MARC; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 194.
- 7: VILLADA HURTADO, Purificación; e VIZUETE CARRIZOSA, Manuel (2008). *Educación física 2: educación secundaria*. Madrid: Anaya, p. 80.
- 8: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 81.
- 9: PÉREZ FEITO, José M.; DELGADO LÓPEZ, Daniel; e NÚÑEZ VIVAS, Ana I. (2010). *Fundamentos teóricos de la educación física*. Madrid: Pila Teleña, p. 253.
- 10: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2008). *Educación física 1.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 52.
- 11: ALONSO ABAD, Jesús Alberto *et al.* (2009). *Educación física: 2.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, Madrid, p. 24.
- 12: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 148.
- 13: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2009). *Educación física 4.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 83.
- 14: HERRADOR SÁNCHEZ, Julio *et al.* (2010). *Educación física 3.º ESO*. Badalona: Paidotribo, p. 69.
- 15: PÉREZ FEITO, José M.; DELGADO LÓPEZ, Daniel; e NÚÑEZ VIVAS, Ana I. (2010). *Fundamentos teóricos de la educación física*. Madrid: Pila Teleña, p. 7.
- 16: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 207.
- 17: TORRESCUSA, Luis C.; e COTERÓN, Francisco J. (2007). *Educación física: ESO, curso 1*. Zaragoza: Edelvives, p. 23.
- 18: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2008). *Educación física 2.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 66.
- 19: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2009). *Educación física 4.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 11.
- 20: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 25.

Orixe das fotografías da actividade 1 (web)

- 1: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2009). *Educación física 4.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 11.
- 2: DEL VALLE, Sagrario; DÍAZ, Paz; e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física 1.º ESO: fichas*. Madrid: Almadraba, p. 75.
- 3: DEL VALLE, Sagrario; DÍAZ, Paz; e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física 1.º ESO: fichas*. Madrid: Almadraba, p. 39.
- 4: ALONSO ABAD, Jesús Alberto *et al.* (2009). *Educación física: 2.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, Madrid, p. 100.
- 5: HERRADOR SÁNCHEZ, Julio *et al.* (2010). *Educación física 3.º ESO*. Badalona: Paidotribo, p. 69.

- 6: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 49.
- 7: PÉREZ FEITO, José M.; DELGADO LÓPEZ, Daniel; e NÚÑEZ VIVAS, Ana I. (2010). *Fundamentos teóricos de la educación física*. Madrid: Pila Teleña, p. 253.
- 8: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 166.
- 9: VILLADA HURTADO, Purificación; e VIZUETE CARRIZOSA, Manuel (2008). *Educación física 2: educación secundaria*. Madrid: Anaya, p. 80.
- 10: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2009). *Educación física 4.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 83.
- 11: PÉREZ FEITO, José M.; DELGADO LÓPEZ, Daniel; e NÚÑEZ VIVAS, Ana I. (2010). *Fundamentos teóricos de la educación física*. Madrid: Pila Teleña, p. 7.
- 12: GONZÁLEZ, MARC; e RIERA, ÓSCAR (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 194.
- 13: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 148.
- 14: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2008). *Educación física 2.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 66.
- 15: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 25.
- 16: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 81.
- 17: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2009). *Educación física 4.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 11.
- 18: TORRESCUSA, Luis C.; e COTERÓN, Francisco J. (2007). *Educación física: ESO, curso 1*. Zaragoza: Edelvives, p. 23.
- 19: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 207.
- 20: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2008). *Educación física 1.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 52.
- 21: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2009). *Educación física: 2.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, Madrid, p. 24.
- 22: TORRESCUSA, Luis C.; e J. COTERÓN, Francisco (2008). *Educación física: ESO, curso 4*. Zaragoza: Edelvives, p. 53.

Orixe das fotografías da actividade 2 (Guía didáctica e web).

- 1: PÉREZ CERDÁN, Jesús P. (2007). *Educación física: educación secundaria, primer ciclo: libro del alumno*. Salamanca: Kip Ediciones Kiné, p. 92.
- 2: DEL VALLE, Sagrario; DÍAZ, Paz; e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física 2.º ESO: fichas*. Madrid: Almadraba, p. 123.
- 3: MACAGNO, Laura E. et al. (2008). *Educación física 1.º ESO*. Madrid: Laberinto, p. 126.

- 4: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2008). *Educación física 1.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 17.

Orixe das fotografías da actividade 3 (Guía didáctica)

- 1: DEL VALLE, Sagrario; DÍAZ, Paz; e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física 1.º ESO: fichas*. Madrid: Almadraba, p. 39.
- 2: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 49.
- 3: TORRESCUSA, Luis C.; e COTERÓN, Francisco J. (2008). *Educación física: ESO, curso 4*. Zaragoza: Edelvives, 53.
- 4: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 207.
- 5: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 166.
- 6: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 194.
- 7: VILLADA HURTADO, Purificación; e VIZUETE CARRIZOSA, Manuel (2008). *Educación física 2: educación secundaria*. Madrid: Anaya, p. 80.
- 8: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 81.
- 9: PÉREZ FEITO, José M.; DELGADO LÓPEZ, Daniel; e NÚÑEZ VIVAS, Ana I. (2010). *Fundamentos teóricos de la educación física*. Madrid: Pila Teleña, p. 253.
- 10: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2008). *Educación física 1.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 52.
- 11: MAYOR MAYOR, Alejandro (2007). *Educación física: 4.º ESO*. Madrid: Akal, p. 30.
- 12: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 132.
- 13: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2009). *Educación física 4.º ESO*. Madrid: Santillana, 83.
- 14: DEL VALLE, Sagrario; DÍAZ, Paz; e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física 1.º ESO: fichas*. Madrid: Almadraba, p. 82.
- 15: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 208.
- 16: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2008). *Educación física 2.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 26.
- 17: DEL VALLE, Sagrario; Paz, DÍAZ; e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física 1.º ESO: fichas*. Madrid: Almadraba, p. 39.
- 18: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2008). *Educación física 2.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 66.
- 19: TORRESCUSA, Luis C.; e COTERÓN, Francisco J. (2007). *Educación física: ESO, curso 1*. Zaragoza: Edelvives, p. 87.

20: ARIÑO LAVIÑA, Jesús; e BENABARRE CASALS, Rossend (2008). *Educación física: primero y segundo curso de ESO*. Barcelona: Serbal, Proyecto Olimpia, p. 87.

Orixe das fotografías da actividade 3 (web)

- 1: DEL VALLE, Sagrario; DÍAZ, Paz; e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física 1.º ESO: fichas*. Madrid: Almadraba, p. 39.
- 2: ARIÑO LAVIÑA, Jesús; e BENABARRE CASALS, Rossend (2004). *Educación física ESO. Primer ciclo. Primer y segundo cursos*. Barcelona: Ediciones del Serbal, p.9
- 3: TORRESCUSA, Luis C. e Francisco J. COTERÓN (2008). *Educación física: ESO, curso 4*. Zaragoza: Edelvives, 53.
- 4: GONZÁLEZ, Marc e Óscar RIERA (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 166.
- 5: MAYOR MAYOR, Alejandro (2007). *Educación física: 4.º ESO*. Madrid: Akal, p. 30.
- 6: TORRESCUSA, Luis C.; e COTERÓN, Francisco J. (2007). *Educación física: ESO, curso 1*. Zaragoza: Edelvives, p. 87.
- 7: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 49.
- 8: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 194.
- 9: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 207.
- 10: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2009): *Educación física 4.º ESO*. Madrid: Santillana, 83.
- 11: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2008): *Educación física 1.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 52.
- 12: BARCALA FURELOS, Roberto J. (2008). *Educación física 2.º ESO*. Madrid: Santillana, p. 26.
- 13: PÉREZ FEITO, José M.; DELGADO LÓPEZ, Daniel; e NÚÑEZ VIVAS, Ana I. (2010). *Fundamentos teóricos de la educación física*. Madrid: Pila Teleña, p. 253.
- 14: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 208.
- 15: DEL VALLE, Sagrario; DÍAZ, Paz e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física 1.º ESO: fichas*. Madrid: Almadraba, p. 82.
- 16: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 132.
- 17: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 81.
- 18: ARIÑO LAVIÑA, Jesús; e BENABARRE CASALS, Rossend (2008). *Educación física: primero y segundo curso de ESO*. Barcelona: Serbal, Proyecto Olimpia, p. 87.

Orixe das fotografías da actividade 4 (Guía didáctica e web)

- 1: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 68.

- 2: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2008). *Educación física: 4.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, p. 33.

Orixe das fotografías da actividade 5 (Guía didáctica e web)

- 1: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 148.
- 2: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 138.
- 3: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2008). *Educación física: 4.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, p. 22.
- 4: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 16.
- 5: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2008). *Educación física: 1.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, p. 131.
- 6: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 234.
- 7: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 1.º-2.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 194.
- 8: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 210.

Orixe das fotografías da actividade 6 (Guía didáctica)

- 1: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2007). *Educación física: 3.º ESO*. Madrid: Bruño: Pila Teleña, p. 17.
- 2: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2009). *Educación física: 2.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, p. 100.
- 3: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2007). *Educación física: 3.º ESO*. Madrid: Bruño: Pila Teleña, p. 41.
- 4: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 215.
- 5: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 64.
- 6: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2007). *Educación física: 3.º ESO*. Madrid: Bruño: Pila Teleña, p. 8.
- 7: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 210.
- 8: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 208.
- 9: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2008). *Educación física: 1.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, p. 151.
- 10: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2007). *Educación física: 3.º ESO*. Madrid: Bruño: Pila Teleña, p. 93.

- 11: ARIÑO LAVIÑA, Jesús; e BENABARRE CASALS, Rossend (2008). *Educación física: primero y segundo curso de ESO*. Barcelona: Serbal, Proyecto Olimpia, p. 126.
- 12: ARIÑO LAVIÑA, Jesús; e BENABARRE CASALS, Rossend (2008). *Educación física: primero y segundo curso de ESO*. Barcelona: Serbal, Proyecto Olimpia, p. 65.
- 13: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 189.
- 14: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 73.

Orixe das fotografías da actividade 6 (web)

- 1: ARIÑO LAVIÑA, Jesús; e BENABARRE CASALS, Rossend (2008). *Educación física: primero y segundo curso de ESO*. Barcelona: Serbal, Proyecto Olimpia, p. 65.
- 2: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2008). *Educación física: 1.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, p. 151.
- 3: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 73.
- 4: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2007). *Educación física: 3.º ESO*. Madrid: Bruño: Pila Teleña, p. 41.
- 5: ARIÑO LAVIÑA, Jesús; e BENABARRE CASALS, Rossend (2008). *Educación física: primero y segundo curso de ESO*. Barcelona: Serbal, Proyecto Olimpia, p. 126.
- 6: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 189.
- 7: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2007). *Educación física: 3.º ESO*. Madrid: Bruño: Pila Teleña, p. 8.
- 8: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2007). *Educación física: 3.º ESO*. Madrid: Bruño: Pila Teleña, p. 17.
- 9: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2007). *Educación física: 3.º ESO*. Madrid: Bruño: Pila Teleña, p. 93.
- 10: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 215.
- 11: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 208.
- 12: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 210.
- 13: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 64.
- 14: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2009). *Educación física: 2.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, p. 100.

Orixe das fotografías da actividade 7 (Guía didáctica)

- 1: DEL VALLE, Sagrario; DÍAZ, Paz; e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física 3.º ESO: fichas*. Madrid: Almadraba, p. 28.


- 2: VILLADA HURTADO, Purificación; e VIZUETE CARRIZOSA, Manuel (2008). *Educación física 1: educación secundaria*. Madrid: Anaya, p. 43.
- 3: DEL VALLE, Sagrario; DÍAZ, Paz; e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física fichas. 1.º ESO*. Madrid: Almadraba, p. 12.
- 4: HERRADOR SÁNCHEZ, Julio et al. (2010). *Educación física 3.º ESO*. Badalona: Paidotribo, p. 19.
- 5: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2008). *Educación física: 4.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, p. 33.
- 6: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 68.

Orixe das fotografías da actividade 7 (web)

- 1: DEL VALLE, Sagrario; DÍAZ, Paz; e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física 3.º ESO: fichas*. Madrid: Almadraba, p. 28.
- 2: ALONSO ABAD, Jesús Alberto et al. (2008). *Educación física: 4.º ESO*. Madrid: Bruño/Pila Teleña, p. 33.
- 3: VILLADA HURTADO, Purificación; e VIZUETE CARRIZOSA, Manuel (2008). *Educación física 1: educación secundaria*. Madrid: Anaya, p. 43.
- 4: HERRADOR SÁNCHEZ, Julio et al. (2010). *Educación física 3.º ESO*. Badalona: Paidotribo, p. 19.
- 5: DEL VALLE, Sagrario; DÍAZ, Paz; e VELÁZQUEZ, Remedios (2008). *Educación física fichas. 1.º ESO*. Madrid: Almadraba, p. 12.
- 6: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 68.

Orixe das fotografías da actividade 9 (Guía didáctica e web)

- 1: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 68.
- 2: GONZÁLEZ, Marc; e RIERA, Óscar (2007). *Educación física 3.º-4.º ESO*. Barcelona: Teide, p. 132.



Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo